

PROGRAMACIÓN

Lingua estranxeira

1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de PRIMARIA

Inglés

CEIP PLURILINGÜE DE TOQUES

Curso 2021-2022

ÍNDICE

- 1. Introducción e contexto**
- 2. Obxectivos**
 - 2.1. Obxectivos xerais de Educación Primaria
- 3. Competencias Clave**
- 4. Vinculación entre obxectivos, secuencia e temporización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**
- 5. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.**
- 6. Materiais e recursos didácticos**
- 7. Avaliación**
 - 7.1 Procedemento para a avaliación inicial
 - 7.2 Procedemento de avaliación continua e final
- 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**
- 9. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica**
- 10. Atención á diversidade**
- 11. Actividades complementarias e extraescolares.**

ANEXOS: ADDENDA PROGRAMACIÓNS PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.

1. Introducción e Contexto

O CEIP Plurilingüe de Toques atópase situado no concello rural de Toques, pertencente á provincia de A Coruña enmarcado na comarca Terra de Melide. O concello ten unha extensión de 77,93 km² e está conformado por 10 parroquias, presentando deste xeito unha poboación moi dispersa.

O centro dá cabida polo tanto a todo o alumnado pertencente as etapas de educación infantil e primaria da totalidade do concello.

A realidade educativa do concello está conformada unicamente por este colexio de educación infantil e primaria. Non hai centro de estudos de educación secundaria, polo que o centro está adscrito ao “IES de Melide”, no concello limítrofe de Melide.

Toques presenta na súa contorna un gran patrimonio cultural. Cabe destacar o seu emprazamento nunha variante do Camiño de Santiago, “O camiño Primitivo” que continua ata Melide e conflúe co “Camiño Francés”.

Este feito sumase xunto co seu grande patrimonio cultural e arquitectónico xa que son abundantes os castros celtas e monumentos megalíticos existentes no centro, así como a presenza de construcións románicas.

Neste curso académico, hai matriculados 47 discentes, divididos en 3 unidades (1 para Infantil e 2 para Primaria). Na etapa de Educación Infantil realizamos un desdobre, existindo unha aula para 4º de Infantil e outra na que conviven 5º e 6º de Infantil.

Esta unidade didáctica está pensada para todos os cursos da educación primaria, sendo adaptados os contidos e actividades a cada curso educativo.

O alumnado ao atoparse agrupado require dunha metodoloxía e dunha organización diferente a unha aula ordinaria na que soamente conviven alumnado escolarizado no mesmo curso, polo que esta diferenza tamén se ve reflectida nestas programacións didácticas de aula.

1.1 Características do alumnado

Como mencionamos anteriormente, o alumnado atopase agrupado na aula. O alumnado en inglés agrupase do seguinte xeito:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º EI	10 alumnas/os
	5º EI	5 alumnas/os
	6º EI	5 alumnas/os
EDUCACIÓN PRIMARIA	Agrupamento 1º2º3º	1º EP – 6 alumnas/os
		2º EP – 4 alumnas/os
		3º EP – 3 alumnas/os
	Agrupamento 4º5º6º	4º EP – 6 alumnas/os
		5ºEP – 4 alumnas/os
		6ºEP – 4 alumnas/os

Nos tres casos nos atopamos con aulas onde existen grupos heteroxéneos, con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe, isto sumado as diferencias que se dan de por si ao convivir diferentes niveles educativos na aula, cada un coas súas necesidades curriculares.

A realidade de ter que agrupar ao alumnado fai que a nosa metodoloxía se teña que adaptar a un ecosistema tan vivo e cambiante como son estas clases, polo que a pesar de ter os mesmos criterios á hora de avaliar ao alumnado, os contidos deses criterios non son os mesmos, adaptando sempre estes as necesidades do alumnado e ao seu nivel educativo.

2. Obxectivos

2.1 Obxectivos xerais de Educación Primaria

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido

crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. Competencias clave

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. A **Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, identifica 7 competencias, recollidas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, que establece o currículo para Educación Primaria en Galicia**.

- **Comunicación Lingüística (CL)**

Reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

- **Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Estas áreas estimularán a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfrente a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

- **Comunicación Lingüística (CCL)**

Desde estas áreas contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese...etc.

- **Competencia dixital (CD)**

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos, apps ou aplicacións didácticas entre outros.

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fora necesario, e respectando as normas de conducta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

- **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros de aprender deles.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Podemos favorecer a iniciativa e o espírito emprendedor dende todos os bloques das distintas áreas mediante a planificación de tarefas enfocadas cara o fomento da responsabilidade, a toma de decisións e a resolución de problemas entre outras. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos (tanto individuais como en grupo) o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados e buscar solucións.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Supon coñecer, comprender e apreciar con espírito crítico, con actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas e empregalas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Require coñecementos que permitan acceder as distintas manifestacións sobre a herencia cultural, a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como xéneros e estilos.

3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Na área de lingua inglesa, incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito global e sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía O

Mediante o estudo as horas, números, datas...non soamente aprendemos vocabulario en lingua inglesa, se non tamén exercitamos a competencia matemática do alumnado. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- ✓ Adquisición de vocabulario relacionado coa área matemática e numérica.
- ✓ Solución de problemas mediante o traballo cooperativo.

- Competencia en comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha

das unidades didácticas. Na lingua inglesa o alumnado debe desenvolver o que coñecemos como as “4 skills”: reading, listening, speaking and writing.

Dende un comezo, nos cursos máis temperás, comezaremos a promover actividades nos que o alumnado recibe a lingua (listening and reading). Unha vez que a lingua é adquirida polo alumnado, pasaremos a actividades de produción (speaking and writing).

Algúns dos descritores que empregaremos, entre outros, serán os seguintes:

- ✓ Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- ✓ Producir textos escritos sinxelos de diversa complexidade para o seu uso e nivel educativo en situacións cotiás ou de materias diversas.
- ✓ Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- ✓ Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- ✓ Captar o sentido de expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...

-Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

En cada nivel educativo tentaremos a consecución dos obxectivos de forma máis ou menos autónoma segundo o nivel do alumnado e a súa etapa educativa. Así nos primeiros cursos de educación primaria empregaremos actividades máis guiadas e nos últimos cursos de educación primaria tenderemos ao traballo autónomo e de investigación, sendo o mestre un guía durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Na área de Inglés adestraremos os seguintes descritores:

- ✓ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ✓ Empregar distintas fontes para a busca de información.
- ✓ Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

- ✓ Elaborar e dar a coñecer información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ✓ Emprego das TIC para a adquisición das 4 skills e reforzar os contidos das unidades.

-Conciencia e expresións culturais

A través do coñecemento a lingua e da cultura asociada a mesma, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística e lingüística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- ✓ Desenvolver actividades relacionadas co Proxecto Documental Integrado do centro, que este ano versa sobre “A volta arredor do mundo”, tratando a conciencia cultural mediante o afondamento dun país diferentes ao mes durante o curso escolar.
- ✓ Apreciar os valores culturais do patrimonio doutras culturas, dende o coñecemento da nosa propia cultura.
- ✓ Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- ✓ Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- ✓ Inmersión na celebración de datas, festas e celebracións culturais doutros países de fala inglesa.

-Competencias sociais e cívicas

A área de lingua Inglesa permítenos non soamente coñecer máis sobre outras culturas, se non tamén sobre a nosa propia, creando no alumnado a consciencia das diferencias e similitudes, dos valores que están asociados a unha lingua e a súa cultura. Ao longo desta área serán moitas as ocasións nas que fomentaremos o traballo cooperativo e a non discriminación por razóns de sexo, raza, cultura ou relixión. Crear no alumnado a consciencia da riqueza que temos na diversidade de opinións, ideas e cultura é fundamental para o seu desenvolvemento como persoas e intelectualmente. Algúns dos temas principais a desenvolver na aula serán os seguintes:

- ✓ *Educación en valores*: aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- ✓ Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- ✓ Involucrarse e promover accións cun fin social.
- ✓ Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- ✓ Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para resolver conflitos.
- ✓ Coñecer e aplicar dereitos e deberes de convivencia cidadá no contexto da escola.

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

- ✓ Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- ✓ Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- ✓ Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- ✓ Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- ✓ Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

-Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

- ✓ *Intelixencias múltiples*: desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- ✓ Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- ✓ Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- ✓ Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- ✓ Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. Vinculación entre obxectivos, secuencia e temporización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

- ✓ Cadros de cada nivel educativo adxuntos.

5. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

- Estratexias metodolóxicas:

A metodoloxía didáctica será ecléctica (mesturando estratexias e materiais de diferentes metodoloxías) e sobre todo, será esencialmente comunicativa: comprensión e produción de textos orais e escritos, empregando as TIC e os medios audiovisuais como guía.

A metodoloxía estará tamén enfocada a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra das aulas. O alumno ha de lograr a adquisición das competencias implicadas na comunicación e na capacidade de poñelas en práctica nos diferentes contextos de actuación.

Todos os contextos e situacións en que os alumnos se aproximan ao idioma terán un sentido completo e relevante e estar relacionadas coas súas experiencias.

Os alumnos terán tamén numerosas oportunidades de incorporar as súas propias vivencias no contexto da aula. Ademais de actividades como enquisas, traballo en parella e produción escrita personalizada ou guiada, con frecuencia pídeselles aos alumnos que falen dos seus intereses e das súas experiencias facendo que o proceso de aprendizaxe teña máis sentido para eles.

En principio é o profesor o que apoia e guía os alumnos observando os seus avances e proporcionando axuda cando sexa necesaria, pero dada a importancia que o apoio entre compañeiros xoga no desenvolvemento das clases, os alumnos traballarán en

colaboración a fin de apoiarse uns a outros a través de actividades en parellas e en grupos.

Todas as actividades se presentan a través de modelos claros e recorren a situacións familiares como ir de compras ou tomar parte nun xogo de adiviñar. A práctica oral preséntase de diferentes formas: actividades de repetición como rimas, cancións ou trabalinguas, diálogos onde os alumnos toman parte lendo a transcripción, enquisas e cuestionarios, xogos de cartas que implican dicir palabras, facer preguntas ou realizar descrições para seguir o xogo, actividades de “role-play” e intercambios de preguntas e respostas en parellas.

O PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO “Toquiña polo mundo” será o eixe vertebrador da temática en cada unidade.

Os contos tamén serán un recursos indispensable na adquisición da lingua inglesa e da súa tonalidade e pronunciación. Os personaxes e as historias son atractivas para os alumnos e a miúdo faise uso do humor ou da tensión dramática, reforzando a experiencia positiva de ler en inglés. As historias funcionan como vehículo condutor para introducir ou revisar o vocabulario central de cada unidade e proporcionan diferentes oportunidades para encontrar ese vocabulario en contextos significativos.

Cada unidade divídese en 8 sesións mínimo máis unha lección final adicada á avaliación:

- A **sesión 1** presenta o novo vocabulario a través de ilustracións coas súas correspondentes etiquetas. Os elementos de vocabulario tamén se presentan no contexto dunha canción. Sempre hai unha ou dúas tarefas de audio nesta páxina.
- Na **sesión 2** ofrécese unha práctica guiada do novo vocabulario e introdúcese unha nova forma a través dun diálogo. Continúase con práctica guiada da linguaxe a través dun role-play, intercambio de información, un xogo...
- Na **sesión 3** preséntase o uso das formas anteriores centrándose no seu uso funcional. Nalgunhas ocasións introdúcese novo vocabulario relacionado co tema da unidade ou preséntase vocabulario visto nas unidades anteriores para que os alumnos poidan revisalo. Sempre hai unha actividade de audio.

- A **sesión 4** presenta unha dobre páxina cunha historia en cor. Na parte superior da páxina hai unha actividade de pre-lectura para practicar o vocabulario. A medida que os alumnos van progresando, as actividades avanzan cara a outras de comprensión, debate e achega de experiencias persoais.
- Na **sesión 5**, utilízase unha canción ou outra actividade de audio para revisar o vocabulario e introducir unha nova estrutura. Sempre aparece unha actividade de xogo para reforzar estes elementos.
- Na **sesión 6**, seguindo o enfoque CLIL, preséntase un tema de outra área curricular relacionándoo co que se tratou na unidade.
- Na **sesión 7**, trabállase coa parte de literacy a partir dunha tira cómica.
- Na **sesión 8** introdúcese unha actividade de fonética cun trabalinguas e faise un repaso xeneralizado da unidade.

O enfoque principal de todas as leccións é a comunicación oral. Todas as leccións empezan e terminan cunha actividade a nivel de toda a clase deseñada para animar os alumnos a falar:

- Ao principio as súas contribucións serán en L1, proporcionarase as palabras que os alumnos necesiten.
- A medida que van gañando confianza no uso do inglés, empezarán a utilizar unha mestura dos dous idiomas.
- Na última parte de cada lección asegurárase que o vocabulario que os alumnos están aprendendo na clase se consolida dentro do campo da experiencia do alumno; noutras palabras, cobra vida.

Tendo en conta que a revisión e a reciclaxe da linguaxe son elementos vitais para a retención do vocabulario e as estruturas a longo prazo, todas as unidades terán unha páxina de revisión a fin de que desta maneira os alumnos, volvan encontrarse co vocabulario visto na unidade noutro contexto (un xogo, unha actividade en parellas, etc.)

A unidade termina coas propostas de avaliación do traballo que os alumnos completaron. En canto ás TIC usaranse de maneira habitual na clase e acudirase á aula de informática cando a programación así o requira.

- Tempos:

Seguimos o calendario escolar e o horario establecido no centro. Tendo isto en conta, será o mestre/a quen decida o tempo adicado a duración de cada unha das actividades dentro de cada sesión, adaptándose desta maneira as necesidades puntuais que poidan xurdir e as necesidades do alumnado.

- Agrupamentos:

Terase en conta a agrupación do alumnado para sacar o maior proveito a cada sesión. Os agrupamentos serán flexibles para adaptalos as necesidades que poidan ir aparecendo.

Podemos distinguir os seguintes tipos:

- Individual: práctica de habilidades motrices, hábitos e actitudes.
- Parellas: actividades que requiran a participación de non máis de dous alumnos/as e aquelas nas que se favoreza a socialización.
- Grupos: aquí distinguimos pequeno grupo, gran grupo e equipos. Neste tipo de agrupamento levaranse a cabo actividades para traballar estratexias colaborativas, de oposición e de inclusión.
- Tamén se contempla o agrupamento con outras aulas ou con todo o alumnado do centro para saídas pola contorna, xornadas de convivencia, actividades complementarias...

- Espazos:

Deben cumprir as premisas de adaptabilidade, flexibilidade, comunicables e que sexan variados e polivalentes.

Contamos cos espazos interiores como as aulas, a biblioteca ou a aula de informática.

Por outro lado temos espazos exteriores como unha pista deportiva e unha carballeira na que se realizarán puntualmente actividades en contacto coa natureza.

- Materiais:

- Unhas boas características dende o punto de vista material e dende o punto de vista pedagóxico, ademais de estar sempre accesibles.
- Deben servir de intermediarios a hora de formar.
- Desenvolveran a imaxinación e creatividade do alumnado.
- Estimular os sentidos, permitir a relación cos demais e invitar a manipulación e experimentación.

Os recursos que nun principio se contemplan na aula de Inglés son os seguintes:

- **Class book.** O libro do alumno inclúe o traballo principal do ano dividido en 6 unidades. Ao final de cada trimestre hai unha sección de revisión.
- **Activity book.** Con el proporcionáanse actividades de apoio adicional ao libro do alumno para cada lección da unidade. As actividades son o suficientemente sinxelas como para que os alumnos as poidan realizar sós.
- **Pósters.** Presentan o vocabulario da unidade e o trabalinguas. A unidade de revisión tamén se presenta en formato póster para promover as actividades de grupo.
- **Flashcards.** Abranguen o vocabulario clave das diferentes unidades. Utilízanse en cada lección para axudar a presentar o vocabulario.
- **Story cards.** As story cards son versións grandes das viñetas do conto que inclúen a transcripción na parte posterior da tarxeta.
- **Recursos Online:** moitos dos recursos empregados nas rutinas e no día a día na aula de inglés serán materiais online, que empregaremos segundo as necesidades do alumnado, sempre dunha forma lúdica.
- **Vídeos:** elaboración de vídeos para o alumnado cos conceptos claves.
- **Recursos variados do centro:** calquera tipo de material, plan ou proxecto que poida ser de proveito para mellorar as competencias do noso alumnado será aproveitado na aula de inglés.
- **Plataformas virtuais de aprendizaxe:** No caso do alumnado que traballa co proxecto EDIXGAL durante este curso traballaremos empregando a plataforma EVA. Co restante alumnado tamén traballaremos en entornos virtuais, xa sexa na aula virtual do centro ou cos recursos interactivos da editorial coa que traballamos durante este curso nesta materia.

7.Avaliación

7. 1 Procedemento para a avaliación inicial

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos/as que temos, así como os informes individualizados dos mesmos. Se o titor do curso anterior permanece no centro farase unha recollida de información dos alumnos en cuestión.

Ao comezo do curso, na primeira quincena de Setembro, farase a **avaliación inicial** para avaliar o estado dos coñecementos nesta materia do alumnado e marcarnos así o punto de partida do noso traballo. Debemos ter a seguinte información:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.
- Os instrumentos de avaliación serán a observación sistemática sobre a participación dos alumnos/as en actividades conxuntas: asembleas, debates, probas escritas, xogos...
- A realización de prácticas de habilidades perceptivas e/ou motrices en situacións de forma máis individualizada ó final da Educación Primaria.

A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

- Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

7.2 Procedemento de avaliación continua e final. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedemento	Instrumento de Avaliación	%
Probas escritas e orais	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios do caderno. (Writing) • Tests • Cuestionarios • Produto das investigacións realizadas • Debates e Drills (Speaking) • Lectura expresiva (Readings) • Listenings 	60%
Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro anecdótico. • Diario de clase. • Rubrica e/o listas de cotexo. 	40%

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. Avaliación das competencias lingüísticas: 4 Skills

✓ *Listening*

- Realización de pequenas tarefas relacionadas coa materia.
- escoita efectiva de conversacións ou cancións na aula.

- Boa actitude de escoita e comportamento e respecto na aula cos compañeiros e co profesorado.

✓ **Speaking**

- Intervencións orais dos alumnos/as na aula.
- Participación das rutinas da aula.
- Presentacións e emprego de expresións de uso frecuente.
- Intervencións orais respectuosas.
- Interese pola mellora da pronunciación, fluidez e entoación.

✓ **Reading**

- Pronunciación e fonética durante a lectura na aula.

✓ **Writing**

- Presentación de traballos escritos na clase e fichas con limpeza e orden.
- Organización e coidado do material propio e ajeno presente na aula.

Como resultado da ponderación mencionada obtérase a nota de cada unidade.

A nota mínima para superar a materia será un 5. Con nota de proba escrita inferior a 4, despois do redondeo, non se fará media. A nota de avaliación será a media aritmética das unidades avaliadas nesa avaliación xunto coa observación sistemática na aula. A nota final de curso será a media das tres avaliacións.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Para avaliar a práctica docente ao longo das distintas unidades didácticas empregaremos a seguinte táboa:

	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses.				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase. Empregaremos para esta fin a seguinte táboa:

		%
Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
	Gran Grupo/Clase	
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		

9. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A valoración da programación didáctica será indispensable, para analizar a consecución dos obxectivos así como facer os cambios necesarios segundo as necesidades que se vaian atopando ao longo do curso. Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos marcados, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada e se as aprendizaxes do alumnado se axustan as previsións iniciais.

A ferramenta que empregaremos para valorar todos estes aspectos será a seguinte táboa:

	1	2	3	4
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				
Atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con n.e.e				
Atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos				

estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico e profesorado				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Execución e aplicación de actividades complementarias e extraescolares				

10. Atención a diversidade

O profesorado debemos atender a diversidade que está presente nas nosas aulas. O alumnado convive con diferentes intereses, motivacións, necesidades e habilidades. Isto marca que a planificación desta programación sexa aberta e flexible, fomentando variedade e permitindo realizar os cambios necesarios atendendo as necesidades puntuais que teña o alumnado. Todo isto levarase a cabo tomando diferentes medidas:

- Na planificación: todos os contidos que serán expostos ao longo das unidades serán presentados en orden ascendente, dende o máis básico ata o máis avanzado, para que desta maneira os conceptos sexan mellor asimilados e adquiridos polo alumnado, respectando os ritmos de cada individuo. Esta programación esta baseada nos obxectivos e contidos, establecidos pola actual lexislación, LOMCE, que deberán ser adquiridos polo alumnado, e para este fin realizaranse as actividades de reforzo ou adaptacións que sexan necesarias.

- Na metodoloxía: as actividades serán seleccionadas e organizadas tendo sempre en mente as características individuais do noso alumnado. O alumnado non é homoxéneo,

presentando distintas habilidades e intelixencias, se atendemos á Teoría das Intelixencias Múltiples de Howard Gardner, polo que as actividades buscarán o desenvolvemento de cada unha delas.

- Adaptacións curriculares: finalmente, en canto as adaptacións curriculares, levaranse a cabo as seguintes, seguindo os criterios oportunos:

a) Estudantes con altas capacidades: realizaranse actividades de extensión dos contidos, adaptados as súas necesidades, coa finalidade de desenrolar todo o seu potencial.

b) Estudantes con necesidades educativas especiais: implantación de metodoloxías e actividades alternativas, adaptando os contidos e/ou as tarefas realizadas na aula e poñendo especial fincapé sempre na integración social.

11. Actividades complementarias e extra-escolares.

No centro desenvolveranse cada curso actividades complementarias e extra-escolares co obxectivo de complementar, reforzar ou ampliar os contidos traballados na aula. A participación en plans e proxectos da Consellería de Educación é unha actividade prioritaria no centro. Toda esta información está recollida na PXA.

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2021-2022

ÍNDICE

1. **Adaptacións necesarias á docencia non presencial**
 - I. **Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.**
 - II. **Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.**
2. **Revisión do desenvolvemento da addenda para as programacións 21-22**

1. Adaptacións necesarias á docencia non presencial

I. Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

O alumnado que se atope temporalmente en situación de corentena, sempre que o seu estado de saúde o permita, continuará coa súa formación no seu domicilio empregando a teledocencia para a súa formación.

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais moodle, plataforma EVA, Webex, etc. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención

educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

Achegaráselle mediante as canles posibles todo o material, libros de texto e/ou bibliografía necesaria para a continuidade no traballo de aula.

Para o seguimento deste alumnado empregárase preferentemente a mensaxería mediante a aula virtual ou a plataforma EVA, para así poder ir solucionando dúbidas, e de ser preciso realizaranse videoconferencias durante as gardas ou momentos nos que o profesorado poida atender a este alumno dentro do seu horario semanal.

Fomentarase o emprego de actividades interactivas, tanto para o alumnado en corentena como para o alumnado que estea presencialmente na aula.

As titorías coas familias continuarán a realizarse mediante videoconferencia, correo, abalar móbil e/ou chamada telefónica. Extremarase a comunicación coas familias do alumnado en corentena para asegurarse da evolución e das dificultades que poidan acontecer.

II. Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais nunha aula ou no centro.

O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido no Plan de Continxencia do mesmo.

Para garantir a continuidade, o centro establece unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

A continuación reflectimos o horario para os cursos do grupo de 3º de primaria e do grupo mixto de 4º5º6º segundo a *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan as instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia do COVID-19:*

3º PRIMARIA

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 – 10:10	MATEMÁT.	LENGUA C.	LINGUA G.	MATEMÁT.	LINGUA G.
10:10 – 10:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
10:30 – 11:10	LINGUA G.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	SOCIAIS	LENGUA C.
11:10 – 11:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
11:30 – 12:00	Tempo de descanso (30 minutos)				
12:00 – 12:40	NATURAIS	INGLÉS	LENGUA C.	NATURAIS	ED. FÍSICA
12:40 – 13:00	T.I		T.I	T.I	T.I
13:00 – 13:40	SOCIAIS	RELIXIÓN/VALORES	PLÁSTICA (Inglés)	MÚSICA	INGLÉS
13:40 – 14:00	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I

4º5º6º PRIMARIA

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 – 10:10	MATEMÁT.	LENGUA C.	LENGUA C.	MATEMÁT.	LINGUA G.
10:10 – 10:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
10:30 – 11:10	LINGUA G.	MATEMÁT.	MATEMÁT.	MÚSICA	LENGUA C.
11:10 – 11:30	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
11:30 – 12:00	Tempo de descanso (30 minutos)				
12:00 – 12:40	NATURAIS	RELIXIÓN/VALORES	LINGUA G.	NATURAIS	PLÁSTICA (Inglés)
12:40 – 13:00	T.I	T.I	T.I	T.I	T.I
13:00 – 13:40	SOCIAIS	INGLÉS	INGLÉS	SOCIAIS	ED. FÍSICA
13:40 – 14:00	T.I			T.I	T.I

